

**30/03/16**  
**REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL**  
**SALCEDO**

**ASISTENTES:**

- Comunidade de Montes
- Sociedade Cultural Deportiva Salcedo
- Asociación Vai Polo Río
- AAVV San Brais-Salcedo Norte
- AAVV Cabanas
- AAVV Héros do Campo da Porta
- ANPA Cabanas
- Demetrio Gómez

**ASUNTO:** Modificación ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías municipais

A asociación de veciños Heroes do Campo da Porta convoca aos demais compoñentes do consello parroquial e ao concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez. O motivo da xuntanza é que necesitan información detallada da modificación da ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías municipais, aprobada polos partidos da oposición e que se atopa en fase de exposición pública.

A nova modificación afecta a imposibilidade de instalación de novos reductores de velocidade (lombos) en vías rurais, e aos xa existentes. Os novos non se poderán colocar e os vellos terán que retirarse. Veríanse afectados todos os proxectos en marcha, como exemplo na parroquia estaría a reforma da contorna do núcleo de centralidade da parroquia.

Todo isto acarrea o conseguente gasto municipal e a eliminación do modelo de cidade nas parroquias que verían a seguranza viaria nas mesmas moi mermada. Os veciños ven imprescindibles a colocación de estes reductores en zonas escolares, zonas cun volumen de afluencia de persoas considerabel (centros culturais, deportivos, relixiosos, etc) e con certo volumen de vivendas, xa que debido a ausencia de beirarrúas a convivencia de vehículos e peóns é inevitable, co conseguente perigo para estes últimos.

Critican que todos estes partidos que fomentan esta modificación non se interesaran o máis mínimo en poñerse en contacto coas asociacións e veciños do rural para levala a cabo, amosando así un certo grado de cobardía.

Varios membros do consello parroquial solicitan que se convoque ás Federaci3ns de veci3os para que sexan 3stas as que informen aos seus membros e xestionen a recollida de alegaci3ns a esta modificaci3n, posto que o prazo para a presentaci3n das mesmas remata o vindeiro 15 de abril. Tam3n se plantexan outras medidas de presi3n.